


Modificación de determinadas medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da Covid-19, así como a propia exposición a estes riscos. (Desde as 00.00 horas do 17 de agosto de 2020)

USO DE MÁSCARA



- Para as persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.
- Excepcións ao uso obrigado da máscara na vía pública ou en espazos ao aire libre, exclusivamente durante o consumo de tabaco ou calquera dispositivo de inhalación de tabaco, así como, pipas de auga, cachimbos e asimilados, sempre tendo en conta o mantemento, en todo momento, **da distancia de dous metros con outras persoas.**

ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA E RESTAURACIÓN



- O consumo dentro do local poderá realizarse en barra, sentado en mesa, ou agrupacións de mesas. A ocupación máxima será de **dez persoas**, respectando a distancia mínima de seguridade interpersoal entre elas.
- Os clientes poden quitar a máscara exclusivamente **no momento do consumo.**
- Deberán pechar non máis tarde da 01.00 horas sen que poida permitirse o acceso de ningún cliente desde as 00.00 horas.

VIDA SOCIAL E COMUNITARIA



- Nos espazos privados, abertos ou pechados, de uso privado, recoméndase o uso de máscara, no caso de reunións ou de posible confluencia de persoas non conviventes, así como o mantemento da distancia de seguridade interpersoal e a aplicación de medidas de hixiene.
- Recoméndase:
 - Restringir os encontros sociais fora do grupo de convivencia estable
 - Limitar os encontros sociais a un máximo de 10 persoas



ESTABLECEMENTOS DE LECER NOCTURNO E DISCOTECAS PERMANERÁN PECHADOS

Recorde para evitar brotes, ante calquera síntoma compatible con COVID-19 non saia da casa e contacte cos servizos sanitarios

A correcta colocación da máscara é moi importante para que resulte eficaz. Se a máscara non está ben posta e non axusta correctamente, quedará reducida a protección que confire.

NON



Non deixar o nariz sen cubrir



Non levar a máscara de bufanda



Non levala de sombreiro



Non quitala cando falamos



Non compartila

SI



Lavar as mans antes de poñer a máscara



Pasar as bandas de axuste tras das orellas



Colocar sobre nariz e boca



Adaptar o click nasal